

MEMORIA FINAL

**EXHUMACIÓN NA FOSA DO CEMITERIO DE SAN PEDRO DO
CASTRO, PEXEIROS, VIANA DO BOLO**



Conchi López Sánchez

Grupo HISTAGRA, Universidade de Santiago de Compostela

ÍNDICE

1. Antecedentes	3
2. Indagación preliminar sobre as vítimas para a súa identificación e localización	6
3. Ficha individual da vítima	14
4. Documentación do espazo a intervir: a historia do cemiterio	17
5. Recoñecemento e estudio do espazo: proposta de localización da fosa	21
6. Intervención na fosa: sondaxes, excavación, inhumación e difusión ..	24
Bibliografía	27
Fontes	28
Anexos.....	30

1. Antecedentes




Figura 1. Capela e cemiterio de San Pedro do Castro (Pexeiros, Viana do Bolo) na actualidade. Fonte: Google Earth




Figura 2. Lugar do Castro, sinalado en vermello o cemiterio e a Capelanos anos cincuenta. Fonte: Vuelo Americano (Serie B, 1956-1957)

A fosa do Castro, onde está enterrada Anuncia Casado Atanes, está localizada no cemiterio do Castro, pertencente á parroquia de Pexeiros e ao concello de Viana do Bolo. É un espazo de pequenas dimensíons relativamente, que non se atopa nun estado de conservación ideal, posto que a vexetación e as plantas medran sen ningún tipo de coidado e mantemento, máis alá do que poidan levar a cabo os veciños do lugar, de xeito esporádico. Como consecuencia, a simple vista non puidemos determinar con exactitude as características do chan, nin observar con claridade a evolución dos enterramentos, máis alá dos nichos que foron construídos entre finais dos anos sesenta e principios dos anos setenta do século XX. Como particularidade, ditas construcións non se elevaron sobre o chan do propio cemiterio, senón sobre a leira que linda. A súa distribución únicamente se cingue á parte dereita da porta de acceso e á parte do muro sur que pecha o recinto. No resto do cemiterio podemos observar enterramentos no chan que se foron sucedendo segundo as demandas do momento (figs. 1 e 2).

Trátase dun lugar memorializado recentemente grazas ás actuacións da Asociación “Os Torgueiros” e á interese e colaboración de veciños do Castro. O 20 de agosto de 2022, polo 86º aniversario da morte de Anuncia Casado, celebraron unha homenaxe na súa memoria e outras vítimas do Golpe de 1936 na Terra das Frieiras. Entre diversos actos que se levaron a cabo, colocouse no cemiterio unha placa na memoria de Anuncia. Este tipo de actos tiveron continuidade este ano, 2023, o que amosa unha interese por parte da comunidade en manter viva a memoria de Anuncia Casado e das vítimas de 1936 (figs. 3 e 4). As investigacións ao redor desta fosa, por parte do Plan Cuadrienal, partiron da demanda do único fillo de Anuncia que vive na actualidade, Wladimiro García Casado, residente en Santander. Posteriormente, foi clave o contacto cos Torgueiros e coa familia Páez, hoxe en día, a única que habita no pobo do Castro e que garda certos recordos da morte e do enterramento de Anuncia.



Figura 3. Homenaxe a Anunciación Casado Atanes no cemiterio do Castro, parte dun acto organizado pola Asociación Os Torgueiros o 20 de agosto de 2023. Fonte: A. Os Torgueiros



Figura 4. Asistentes ao acto homenaxe no cemiterio do Castro organizado pola asociación Os Torgueiros o 20 de agosto de 2023. Fonte: A. Os Torgueiros

2. Indagación preliminar sobre as vítimas para a súa identificación e localización

Un primeiro contacto coa fosa do Castro amosaba unha única persoa, vítima da violencia do golpe de Estado de 1936, alí enterrada, Anunciación Casado Atanes. Con todo, levouse a cabo, unha primeira pescuda, para determinar outras posibles víctimas, que comezou polo filtrado na base de datos de Nomes e Voces. Ningunha das más de 13.000 entradas rexistradas contén como lugar de enterramento, “O Castro”. Isto significa, que segundo os indicios dos que dispoñemos, estamos buscando unha fosa dunha persoa.

O segundo paso foi tratar de reconstruír a súa traxectoria vital e coñecer como o seu asasinato formou parte dos mecanismos de funcionamento da violencia golpista. Foi unha tarefa complicada, na que se observaron certas dificultades asociadas a criterios de xénero e á construción de certos mitos relacionados co relato dos verdugos dominante durante o franquismo e con reminiscencias na actualidade.

Anunciación Casado Atanes, filla de Flora e Gabriel (veciños de San Mamede), era natural de Atanes (Cualedro), vivía en San Mamede (Viana do Bolo) e tiña 38 anos cando a asasinan, o 21 de agosto de 1936, na curva das Revendeitas, na estrada que vai da Gudiña a Viana, concretamente na leira de Gracinda (nas Correínzas). Foi inscrita no rexistro de defuncións do xulgado de Viana do Bolo, o 30 de agosto dese mesmo ano, en virtude dun oficio do xuíz de instrución do Partido. A pesar de que a súa morte foi rexistrada a consecuencia de “fractura y destrucción de la masa cerebral”, en realidade, a propia natureza do crime e das feridas que sufriu constitúen un “paseo”¹. Trátase dun asasinato no que participou unha cadea de verdugos encabezada pola persoa que deu a orde e que remata, de xeito inmediato, naqueles que a executaron. Con todo, este tipo de actos son máis complexos e interveñen diversos axentes de xeito paralelo que

¹ Base de datos de víctimas de Nomes e Voces. Certificado literal de inscripción de defunción de Anunciación Casado Atanes, Registro Civil de Viana do Bolo.

colaboran e permiten que a violencia sublevada funcione cunha minuciosa capilaridade. A propia xestión do cadáver e do enterramento de Anuncia, igual que o resto de “paseados”, dá boa conta desta realidade.

Sobre como se planeou e executou o asasinato de Anuncia, temos pouca información por parte dos seus verdugos, máis preocupados en resaltar publicamente os resultados das súas accións que o propio procedemento. Non obstante, si atopamos mais información sobre que fixeron os verdugos co seu corpo e como a enterraron. A noticia da súa morte e da localización do seu cadáver chega a oídos do seu irmán, Juan, un industrial, casado, de 32 anos e veciño de Verín que se personifica no xulgado de Viana do Bolo, o 26 de agosto de 1936. Alí notifica o achado do cadáver de súa irmá no lugar onde a asasinaron e, en consecuencia, o xuíz instrutor, Urbano Juan Santamarina, e o médico forense, Julio Vila Barros, trasládanse ás Revendeitas. Concretamente, a sete kilómetros da Gudiña e a uns catrocentos metros do Castro, o pobo máis próximo, “a la derecha de la carretera, según va de Viana y detrás de un zarzal, a unos cinco metros de la carretera, en un restrojo”².

Unha vez alí, as dilixencias recollen unha descripción minuciosa do estado do cadáver de Anuncia,

el cuerpo de una mujer, con zapatos y ropa todo ello negro, al parecer muerta y con la cabeza destrozada, hallándose esta orientada al noroeste y en posición de cúbito supino. Examinada por el médico forense manifiesta que (...) [data] su fallecimiento de cinco o seis días por el avanzado estado de descomposición en que se encuentra. Representa tener unos treinta y seis a cuarenta años y presenta una herida de arma de fuego de una circunferencia aproximada de una moneda de cinco pesetas, causada por arma de fuego larga, y situada un poco debajo y delante de la oreja izquierda, sitio de entrada del proyectil; la bóveda craneana fracturada, con un gran boquete, por el cual se ve su interior sin necesidad de

² Archivo Intermedio Militar del Noroeste (AIMNOR), Dilixencias previas SN/1936, fondo Ourense, Caixa 34, nº orde 247.

proceder a la apertura de esta cavidad, notándose la ausencia de la mayor parte de la substancia cerebral, estando la existente reducida a papilla; los demás huesos, unos fracturados y otros desarticulados, dando el aspecto de una vejiga que cambia de forma al cambiar de posición; destrozos ocasionados por la expansión de los gases del disparo hecho a corta distancia. El resto del cuerpo de halla en avanzado estado de descomposición; siendo claro hasta la evidencia, que la herida descrita fue (sic) la causa de la muerte de la interfecta³.

Julio Vila Barros, o médico forense que asistiu as dilixencias, inclúe como parte da descripción literal do cadáver, as causas que motivaron o seu asasinato:

Y siendo de dominio público que fue (sic) muerta a consecuencia de los recientes sucesos revolucionarios y por sus actividades en tal sentido, y de ostentación franca y descaradamente comunista así como por el avanzado estado de descomposición del cadáver, S.S acordó prescindir del examen de las demás cavidades⁴.

Deste xeito, incorpora na súa interpretación profesional, parte do discurso que os golpistas emplegaron (por medio de diferentes estratexias) para tomar o poder e converter as actividades e os comportamentos de “cidadáns correntes”, nun marco de liberdades democráticas, en suxeitos “rebeldes” susceptibles de ser perseguidos e castigados, nun novo contexto imposto e controlado pola violencia sublevada. Nas mesmas dilixencias, Juan, o irmán de Anuncia, está presente e é quen permite identificar o seu cadáver. Ademais, foi obrigado a comparecer e declarar que “a su juicio, fue muerta, según es rumor público, a consecuencia de los actuales sucesos revolucionarios, sin que tenga nada más que añadir”⁵.

Anuncia casara, en San Mamede, o 12 de febreiro de 1920, con Eduardo García Domínguez, tres anos maior ca ela. Nese intre, ambos residían en San Mamede e

³ Archivo Intermedio Militar del Noroeste (AIMNOR), Dilixencias previas SN/1936, fondo Ourense, Caixa 34, nº orde 247.

⁴ *Ibid.*

⁵ *Ibid.*

tiñan unha filla de tres anos chamada Flora García Casado⁶. Pouco despois ambos marchan ao País Vasco e viviron en Sestao ata que o seu marido falece nun accidente laboral nos Altos Fornos. Anuncia queda viúva con catro fillos e decide volver, en 1934, para San Mamede e dedicarse a traballar as terras⁷. Segundo as fontes orais, durante a II República adquire sona na zona por simpatizar cos ideais comunistas, incluso foi alcumada “A Comunista” e “La Pasionaria de Viana”⁸. O sesgo de xénero que podemos atopar nas fontes históricas que dan conta das mobilizacións políticas e das actividades militantes dos anos trinta (como é o caso da prensa), dificulta seguir o rastro destas accións. Con todo, Isaac González Rodríguez, o responsable da penetración do PCE no Bolo, mantivo estreitas relacións con Manuel Gómez del Valle⁹, unhas das figuras máis destacadas dentro do partido e que casaría con Flora, a filla maior de Anuncia, uns meses antes do Golpe do 18 de xullo de 1936¹⁰.

A significación política e a vinculación de Anuncia Casado coa familia Del Valle foron elementos clave na persecución sufrida por parte das autoridades golpistas. Flora, a filla maior de Anuncia, nace en San Mamede, o 29 de maio de 1917¹¹. Sobre a súa traxectoria vital pouco sabemos, salvo a súa sona na comarca en relación coa súa militancia comunista. O 23 de maio de 1936 casa con Manuel Gómez del Valle, nado na Habana en 1906. Aos 11 anos traslázase a Ourense, onde realiza os estudos de Bacharelato e posteriormente, regresa a Cuba. Alí inicia a súa carreira periodística cun enfoque reivindicativo a favor dos dereitos humanos. Máis tarde, en 1933, aséntase, outra vez en Ourense, onde retoma a súa faceta periodística e destaca como orador e líder comunista. Ademais,

⁶ Certificado literal de inscripción de matrimonio de Eduardo García Domínguez e Emencia* Casado Atanes, Rexistro Civil de Viana do Bolo.

⁷ Julio Prada Rodríguez, *Ourense, 1936-1939. Alzamento, guerra e represión*, Sada, Edicións do Castro, 2004, 468. Entrevista con Milagros Renedo Renedo, esposa de Wenceslao García Casado e nora de Anuncia Casado.

⁸ Terra e Memoria, entrevista nº 169.

⁹ Julio Prada, *Ourense...*, 462-463.

¹⁰ Certificado literal de acta de matrimonio de Manuel Gómez del Valle e Flora García Casado, Rexistro Civil de Viana do Bolo.

¹¹ Certificado literal de inscripción de matrimonio de Eduardo García Domínguez e Emencia* Casado Atanes, Rexistro Civil de Viana do Bolo.

compaxinou estas actividades coa docencia, a pesar de non ter a formación específica, substituíu aos mestres Armando Fernández na escola de Bóveda, Amoeiro, e a Ignacio Herrero Fuentes en Tamallancos, Villamarín¹².

A violencia sufrida por Anuncia, a súa filla Flora e a súa familia política, Del Valle, discorre de xeito paralelo e con estreitos vínculos. Antes de asasinar a Anuncia, o 21 de agosto de 1936, a cuñada da súa filla, Flora, recorda que “también anduvo por el monte tirada la pobre y vino a casa un día, deshecha, le habían quemado la casa y la dejaron con tres niños con el día y con la noche, y ella escapada, claro, y sus hijos tirados por ahí, sin saber de ella”¹³. Mientras Anuncia estaba “fuxida”, a súa filla foi detida, o 22 de xullo de 1936, xunto coa súa consogra, María del Valle Lozano¹⁴. Primeiro ingresaron no cárcere de Ourense, posteriormente foron trasladadas a Celanova (primeiro recinto penitenciario da provincia que aloxou a mulleres) e, por último, a Bande (convertida en Prisión Habilitada para Mulleres a partir de 1938)¹⁵. No caso de María,

Las alajas que llevaba se las han llevado todas, nos han requisado la máquina de escribir, hemos tenido que llevar para casa de los Madriñanes la radio... las hemos pasado canutas, incluso no podíamos reclamar lo nuestro. Teniamos un solar en la calle Colón que estaba habitado y no nos pagaban y pasaban meses y meses y no podíamos reclamar porque no nos hacían caso, la única persona que se portó con nosotros un poco humanamente, fueron los Arbones¹⁶.

¹² Certificado literal de acta de matrimonio de Manuel Gómez del Valle e Flora García Casado, Rexistro Civil de Viana do Bolo. Armando Fernández Mazas, *Política y Pedagogía (Memoria teórica de un maestro de la A.T.E.O.)*, Ourense, ediciones Andoríña, 1990. Xesús Alonso Montero, “Manuel Gómez del Valle, poeta. Comunista e mártir (1906-1936)”, *Madrugal*, nº 2 (1999), páxs. 21-29.

¹³ Terra e Memoria, entrevista nº 254.

¹⁴ Base de datos de víctimas de Nomes e Voces. Listado de detidos gobernativos, fondo Nomes e Voces, Histagra, investigación a cargo de Julio Prada. Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Libro rexistro entrada de presos, sin. L. 2236. Terra e Memoria, entrevistas nº 254 e 255.

¹⁵ María Victoria Martins Rodríguez, “Cárceles y mujeres en Galicia durante el franquismo”, *Studia Histórica, Historia Contemporánea*, nº 29 (2011), páxs. 87-117.

¹⁶ Terra e Memoria, entrevista nº 254.

Descoñecemos o tempo que Flora estivo no cárcere, a súa cuñada recorda que “me parece que fusilaron a mamá (29 de outubro de 1937) y luego la sacaron a ella”. No tempo que estivo presa, rapáronlle o pelo e viviu nunhas condicións infrahuumanas. A súa familia non puido ir visitalas mentres estiveron encarceradas en Ourense, posteriormente, si, e recordan que “estaban en una situación tan horrorosa, tan horrorosa, que ya al llegar a las rejas, que era una aquí y la otra allí, ya te daban nauseas, ya no respirabas porque le tenían los calderos para el excremento, para hacer pis, y los calderos para beber (...) durmiendo en el suelo, en la piedra¹⁷.

Flora, ao saír en liberdade, viviu un tempo na casa familiar do seu marido (asasinado en agosto de 1936), na rúa da Amargura, en Ourense, que estaba moi preto do lugar onde fusilaban e enterraban aos condenados a pena de morte,

Venían los camiones llenos de gente y de noche escuchabas fulano de tal, saltando a la camioneta, fulano de cual, a la furgoneta, y sentías como se los llevaban a todos (...)

Nosotros sentíamos todos los fusilamientos que había, al amanecer y al anochecer, me acuerdo de una cosa muy fea y horrorosa de un sacerdote, yo iba al cementerio todos los días y una de las veces que fui estaban haciendo muchas fosas y viene el cura y dice, cuantos cerdos vienen hoy? Y dicen, trece o catorce, y dice, bueno, no está mal¹⁸.

Alí convivía cos seus cuñados, cuñadas e algúns sobriño, e logrou saír adiante facendo calceta para as familias mais adiñeiradas¹⁹. Posteriormente, marchou de Galicia e estivo un tempo vivindo co seu irmán, Vladimiro e súa cuñada,

¹⁷ Terra e Memoria, entrevista nº 255

¹⁸ Ibid.

¹⁹ Ibid.

Milagros, en Barcelona. Máis tarde faría a súa vida en Bizkaia, onde se volve a casar e finalmente falece no ano 2000²⁰.

Manuel Gómez del Valle, marido de Flora e xenro de Anuncia Casado, foi perseguido polas autoridades golpistas e detido, o 20 de xullo de 1936, polos axentes da Garda Civil de Xinzo de Limia (xunto con Francisco Cordón García). O escrito do xefe de liña enviado á Comandancia Militar de Ourense sinala que “ambos se encontraban en esta ciudad excitando a las masas obreras las masas obreras y con el fin de noser detenidos se dirigían a Verín con el fin de continuar sus criminales propósitos entre los elementos que trabajaban en el ferrocarril”²¹. Como consecuencia, o día 31 dese mesmo mes, foron procesados e celebrouse o xuízo de xeito rápido e áxil, tres días máis tarde. Tres dos sete vogais que conformaban o consello de guerra mostraron a súa disconformidade coa sentencia a pena de morte, tras a emisión dun voto particular, un dos casos excepcionais dentro do funcionamento da xustiza militar golpista. Este feito provocou a celebración dun novo xuízo, o 8 de agosto de 1936, no que o tribunal volveu a fallar a mesma sentencia (pena de morte) para os procesados. Manuel foi asasinado (xunto con Francisco Cordón) o día 11 dese mesmo mes, ás 6 da mañá, no cuartel de San Francisco, pola forzas do batallón que guarnecía a praza de Ourense, asistidas por un piquete da Garda Civil da Comandancia da capital. Posteriormente, foi enterrado no cemiterio de Ourense, nun panteón propiedade da súa nai²². A estas alturas, Anuncia estaba perseguida e agochada; a súa filla, Flora, estaba no cárcere; o seu marido (e xenro de Anuncia), Manuel Gómez, fora asasinado; a súa consogra, María del Valle, fora encarcerada, ao igual que un dos cuñados de Flora, Ricardo²³.

²⁰ Certificación literal do rexistro de defunción de Flora García Casado, Rexistro Civil de Bilbao. Entrevista con Milagros Renedo Renedo, esposa de Wenceslao García Casado e nora de Anuncia Casado.

²¹ AIMNOR, Causa 123/36, folio 1.

²² AIMNOR, Causa 123/36, folios 20-41.

²³ Terra e Memoria, entrevistas nº 254 e 255.

Os demais fillos de Anuncia, Eduardo, Antonio e Wladimiro, van a vivir co seu tío, Juan, irmán de Anuncia, afincado en Verín. Descoñecemos a traxectoria de Eduardo, pero os demais fan a súa vida, a maioría deles fóra de Galicia. Antonio moverase por diferentes lugares do país, como Santander, Mallorca, Vigo e o Barco de Baldeorras, ata ser reclamado por diferentes xulgados, e ser detido na provincia de Pontevedra polo delito de estafa. Incluso chegou a ser condenado á pena de dous anos de presidio menor, por estafa, polo xulgado do Barco, a comezos de 1959²⁴. Wladimiro, aos 15 anos, marcha para Barcelona onde realiza os seus estudos e comeza a súa carreira profesional como axente comercial. Esta traxectoria lévao a moverse por A Coruña, Santander (onde coñece á súa parella e forman unha familia) e Bilbao, ata a actualidade. A pesar da curta idade de Wladimiro cando asasinan a súa nai, pois non chegaba aos tres anos, na súa familia sempre estivo presente o sucedido en 1936. O recordo de Anuncia non foi borrado polo silencio, pois foi un tema de conversa constante entre as novas xeracións da familia García Casado²⁵.

²⁴ *La Noche*, 10/6/1958; *El Pueblo Gallego*, 11/6/1958; *La Región*, 23/9/1958 e 18/1/1959.

²⁵ Entrevista con Milagros Renedo Renedo, esposa de Wenceslao García Casado e nora de Anuncia Casado.

3. Ficha individual da vítima

ANUNCIACIÓN CASADO ATANES, "A Comunista/Pasionaria"



Figura 5. Anuncia Casado Atanes e parte da súa familia: o seu marido, Eduardo García, e tres fillos, Flora, Eduardo e Antonio. Sestao, ca. 1924. Fonte: cedida pola familia de Wladimiro García Casado.

Datos persoais	Natural de	Atanes, Verín
	Veciña de	San Mamede
	Idade	39 anos
	Profesión	Labrega
	Filiación/s	Simpatizante do PCE
	Data, lugar de morte	21 de agosto de 1936, Revendeita, O Castro,
	Resumo	Anuncia foi perseguida tras o golpe de Estado de 1936, queimáronlle a casa e tivo que agocharse e mudar de residencia. A mediados de agosto foi capturada, maltratada e asasinada na curva das Revendeitas, no Castro. O seu cadáver estivo cinco días á intemperie ata a presentación de seu irmán

		ante as autoridades, que levantan acta da defunción e do enterramento no cemiterio do Castro.
	Causa militar	Anuncia non consta como procesada, pero si o seu xenro, Manuel Gómez del Valle (causa 123/36)
Fontes relacionadas	Bibliografía	<ul style="list-style-type: none"> • Aurora Marco, <i>Dicionario de Mulleres galegas</i>, Xunta de Galicia, 2007, páxs. 85 • <i>Dicionario biográfico de Galicia</i>, vol. 1, Ir Indo Edicións, 2010-2011, pág. 198 • Dionisio Pereira, "Alzamento fascista e represión no camiño de ferro Zzamora-Ourense: bisbarras de Monterrei, As Frieiras, As Portelas e Seabra", <i>A Trabe de ouro: publicación galega de pensamento crítico</i>, nº 73 (2008), páxs. 13-38. • Dionisio Pereira, <i>Sindicalistas e rebeldes</i>, A Nosa Terra, Vigo, 1998. • Dionisio Pereira, "Limiar", en A. Téllez, <i>A guerrilla antifranquista de Mario de Langullo</i>, O Pinche, Vigo, Promocións Culturais Galegas S.A., 2007. • Julio Prada, <i>Ourense, 1936-1939. Alzamento, guerra e represión</i>, Sada, Edicios do Castro, 2004. • Julio Prada, <i>As lapas da revolución. O outubro vermello en Ourense</i>, Ourense, Obradoiro de Historia en Galicia, 2004. • María Victoria Martins Rodríguez, "Cárceles y mujeres en Galicia durante el franquismo", <i>Studia Histórica Historia Contemporánea</i>, nº 29 (2011), páxs. 87-117. • Pilar Cagiao, <i>Muller e emigración</i>, Xunta de Galicia, 1997. • Santiago Álvarez, <i>Memorias I. Recuerdos de infancia y de juventud (1920-1936)</i>, Sada, Edicios do Castro, 1985. • Xerardo Dasairas, <i>Crónicas Rexiomontanas. Territorio e Historia na Comarca de Monterrei</i>, Mancomunidad de Concellos da Comarca de Monterrei, 1999. • Xosé Manuel Cid Fernández, "A represión franquista en Ourense: novos argumentos contra a desmemoria da persecución sufrida polo maxisterio", <i>Sarmiento</i>, nº 21 (2017), páxs. 73-79.
	Entrevistas	Terra e Memoria, fondo Historga, nº 166, 169, 174, 254 e 255
	Rexistro de defuncións	Si
	Outras	<ul style="list-style-type: none"> • AIMNOR, Dilixencias previas SN/1936, praza de Ourense, caixa 34, nº de orde 247. • Rexistro Civil de Viana do Bolo, certificado literal de inscripción de matrimonio de Eduardo García Domínguez e Emencia* Casado Atanes.

	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistro Civil de Viana do Bolo, certificado literal de inscrición de defunción de Anunciación Casado Atanes. • Contacto con familiares e veciños do Castro • Contacto coa asociación Os Torgueiros • Base de datos de víctimas de Nomes e Voces, https://www.nomesevoices.net • Aurora Marco, <i>Mulleres e Memoria Histórica</i>, dispoñible en http://www.culturagalega.org/album/mulleres_e_a_memoria_historica.php#1 • https://mulleresehistoria.blogspot.com/2022/08/anunciacion-casado-atanes.html <p>Prensa actual:</p> <ul style="list-style-type: none"> • https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/gudina-viana-homenaxe-anuncia-casado/20220807104029149402.html • https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/anuncia-casado-simbolo-da-represion-franquista-mulleres/20220819213902150436.html • https://www.nosdiario.gal/opinion/lola-varela/anuncia-pasionaria-viana/20220817132536150113.html • https://praza.gal/movimentos-sociais/a-pasionaria-galega-torturada-asasinada-e-exhibida-nun-carro-de-bois <p>Prensa histórica:</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>La Región</i> (8/6/1933, 15/2/1934, 26/4/1935, 23/9/1958 e 18/1/1959) • <i>La Noche</i> (10/6/1958) • <i>El Pueblo Gallego</i> (11/6/1958)
--	---

4. Documentación do espazo a intervir: a Historia do cemiterio

Sobre a historia do cemiterio e a cronoloxía dos enterramentos no Castro, temos moi pouca información debido a varios condicionantes. Por un lado, no arquivo diocesano de Astorga non teñen documentación histórica sobre esta parroquia; e, por outro, a inminente incorporación do novo cura da parroquia, non permitiu ainda, unha colaboración e investigación profunda sobre a localización dos libros de fábrica. Como consecuencia, puidemos reconstruír vagamente a historia xeral do espazo dende os anos sesenta, grazas ao recordo dos veciños do lugar, quedando lagoas importantes para a inmediata posguerra e para os anos corenta e cincuenta (figs. 6, 7, 8, 9 e 10).

A grandes trazos, os enterramentos eran todos no chan ata praticamente os anos setenta, de feito o último do que teñen constancia data de 1979, unha tumba localizada ao lado da fosa de Anuncia. Nesa década comenzaron a construirse os nichos sobre leiras contiguas ao recinto do cemiterio, que precisamente foron compradas por un veciño particular e postas a nome da veciñanza para poder facer un uso e xestión común. Esta realidade indícanos que durante dúas ou tres décadas sucedéreronse enterramentos no chan, segundo as necesidades da comunidade. A pesar de que a simple vista, na superficie do terreo onde supostamente se localiza a fosa, non temos indicios que nos indiquen un enterramento posterior, como unha lápida, non quere dicir que non houbese enterramentos posteriores á inhumación de Anuncia.

A localización habitual dos enterramentos do chan adoitaba era en fronte da entrada da Capela e os laterais más próximos a ela. Conforme se avanza cara a parte posterior do cemiterio, este adoitou ter menos uso, salvo unha pequena área no fondo, na que se recorda enterrar a bebés e nenos (fig.11).




Figura 6. Vista lateral sur do cemiterio do Castro e dos nichos dos anos sesenta. Fonte: fondo equipo Plan Cuadrienal de Memoria Democrática



Figura 7. Vista lateral sur do cemiterio do Castro e dos nichos dos anos sesenta. Fonte: fondo equipo Plan Cuadrienal de Memoria Democrática



Figura 8. Vista lateral norte do cemiterio do Castro e dos nichos dos anos sesenta. Fonte: fondo equipo Plan Cuadrienal de Memoria Democrática



Figura 9. Vista dos nichos localizados frente a entrada da Capela de San Pedro. Fonte: fondo equipo Plan Cuadrienal de Memoria Democrática



Figura 10. Detalle dos nichos localizados fronte a entrada da Capela de San Pedro. Fonte: fondo equipo Plan Cuadrienal de Memoria Democrática



Figura 11. Detalle da parte posterior do cemiterio do Castro onde a fonte oral remite a enterramentos de bebés e menos. Fonte: fondo equipo Plan Cuadrienal de Memoria Democrática.

5. Reconocemento e estudo do espazo: proposta de localización da fosa

No que respecta a unha análise máis concreta das hipóteses de localización da fosa, as testemuñas orais do lugar e a documentación histórica á que tivemos acceso conflúen nun mesmo espazo. Tal e como puidemos ver anteriormente, a noticia da morte de Anuncia chega a oídos de seu irmán, Juan, que se presenta no xulgado de Viana do Bolo o 26 de agosto de 1936, cinco días despois do seu asasinato. Como consecuencia, instrúense unhas dilixencias que recollen o proceso de identificación, reconocemento e inhumación do cadáver. O xuíz accidental, Urbano Juan Santamarina e o médico forense, Julio Vela Barros, indican nas “diligencias de levantamiento del cadáver y sepelio”, a orde de:

levantamiento del cadáver de Anunciación Casado Atanes y su conducción al Cementerio de El Castro, por ser el más inmediato verificándose así acto continuo y quedando inhumado el cadáver a las veintiuna horas del día de hoy, veintiseis de agosto de mil novecientos treinta y seis, en el cementerio de dicho pueblo de El Castro, en una fosa orientada al viente Norte, junto a la pared de la Capilla, a unos cuatro metros de la pared Sur y unos dos metros de la del Oeste²⁶.

A descripción da localización da fosa, é bastante confusa, segundo os elementos de referencia que temos na actualidade. Nun principio podería ser compatible coa área sinalada pola fonte oral e onde se colocou unha placa homenaxe a Anuncia. O cemiterio do Castro era o campo santo máis próximo do lugar onde foi asasinada, nas Revendeitas, pauta común nos enterramentos dos corpos “paseados” durante o Golpe de 1936 e a retagarda da guerra (fig. 12, 13 e 14).

É curioso o feito de que unha Capela tivese cemiterio, pois o habitual é que os enterramentos dunha mesma parroquia se fixeran precisamente no cemiterio parroquial, neste caso, o de Pexeiros. Con todo, esta dinámica non ten que ver co enterramento de Anuncia, senón que ven de moito atrás.

²⁶ AIMNOR, Dilixencias previas SN/1936, praza de Ourense, caixa 34, nº de orde 247.



Figura 12. Comparativa entre o Comparativa entre o lugar de asasinato (Revendeitas, en amarelo) e o lugar de enterramento (O Castro, en vermello) nos anos cincuenta do século XX e a actualidade. Fonte: Google Earth e Vuelo Americano (Serie B, 1956-1957).



Figura 13. Detalle do lateral esquerdo do cemiterio do Castro, onde se localiza a fosa de Anuncia. Fonte: fondo equipo Plan Cuadrienal de Memoria Democrática




Figura 14. Capela de San Pedro e cemiterio do Castro onde se sinala en vermello a localización da fosa de Anuncia, segundo as investigacíons. Fonte: Google Earth.

6. Intervención na fosa: sondaxes, escavación, inhumación e difusión

Nestas circunstancias, todo nos indica que o máis coherente sería actuar no lateral norte do cemiterio, preto da placa. Alí fíxose unha intervención na que se puido constatar a localización de dúas tumbas más recentes ao asasinato de Anuncia. Atopáronse restos óseos en contexto revolto e posición secundaria que se analizaron baixo a hipótese de que puideran estar relacionados coa destrucción da fosa orixinal que buscábamos.

Despois desta intervención, durante o proceso de estudo destes restos, a neta dun veciño de O Castro, tras ver na prensa o traballo desenvolvido polo PMD na súa zona, contactou co grupo HISTAGRA. Ela actuaba como intermediaria por petición de seu avó porque el quería compartirnos a memoria familiar sobre o sucedido con Anuncia, recollida de forma directa por seu pai e transmitida “de boca en boca”, á súa descendencia,

a ela collérona estes falangistas... a colleron nunha fonte que hai ao pasar San Mamede na carretera, debía estar comendo algo a muller e bebendo e alí a colleron, e despois a trouxeron a Viana. En Viana colleron un coche que era da fábrica de gaséoas, un tal Emiliano, que incluso mo contou ese Emiliano, que lle comprei eu gaséoas, que tiñamos a tenda de ai e me contou, el o pobre era un... no se meteu en nada porque tiña que ir... por que si non iba, xa sabía o que lle pesaba.... e así eran tres ou catro, eses falangistas eran mala... de estos sangrientos, de un pueblo da Veiga. (...) Collérona ai, e trouxérona a Viana e levárona nese camión ...áí, ás Revendeitas²⁷.

Neste punto achegábanos mais información sobre cómo fora o seu secuestro e tamén da pegada que deixaba na comunidade. A curva das Revendeitas pasaría a ser recordada no imaginario local como “a curva da Comunista”. Dous camineros que traballaban para o avó de Darío presenciaron supuestamente os feitos e posteriormente contaríañlo. El foi quen avisou a seu irmán que veu

²⁷ Entrevista a Darío Alonso Gulís, por Conchi López e Fernando Serrulla, o 16 de novembro de 2023, en O Castro.

dende Verín e sinala que tivo problemas para poder enterrala e o cura ordenou que a enterraran nun espazo non considerado “terra santa”.

Darío sinala unha área diferente a onde se interviú, nese mesmo lado norte do adro, pero cara a cabeceira da capela. A zona que hai entre a parede da capela e o muro que cerca o adro é moi estreita, polo que só puido ser enterrada de forma paralela ao muro. Indicounos que na súa familia sempre se dixo que ese fora o sitio onde a enterraran, non recorda que ningúén lle levara flores, pero si que cando era nena lembrava ver o lombeiro de terra.

El indicábanos que esa zona estaba moito mais fonda, pero que coas obras posteriores dos nichos da entrada, como non había para onde tirar a terra, nivelouse a zona que nos indicaba (fig. 15). Ademais, insistía en que aí únicamente fora enterrada Anuncia porque non era un lugar que se emplegara habitualmente para tal fin.



Figura 15. Membros do grupo do PMD entrevistando a Darío Alonso no cementerio do Castro. Fonte: fondo equipo Plan Cuadrienal de Memoria Democrática



Figura 16. O equipo do PMD durante o segundo intento de exhumación de Anuncia. Fonte: fondo equipo Plan Cuadrienal de Memoria Democrática

Con esta nova, clara e coherente información, ao non dar os resultados esperados os restos analizados da primeira intervención, optouse por fazer un segundo intento de busca de Anuncia (fig. 16).

Foi un caso no que puidemos apreciar de primeira man a importancia da colaboración da comunidade e o impacto da difusión do noso traballo. Nesa mesma liña, a comezos de maio de 2024 a equipa foi convidada a dar a coñecer o Plan de Memoria Democrática de Galicia, entre o alumnado do IES Carlos Casares, de Viana do Bolo.

Bibliografía

- Aurora Marco, *Dicionario de Mulleres galegas*, Xunta de Galicia, 2007, páxs. 85
- *Dicionario biográfico de Galicia*, vol. 1, Ir Indo Edicións, 2010-2011, pág. 198
- Dionisio Pereira, “Alzamento fascista e represión no camiño de ferro Zzamora-Ourense: bisbarras de Monterrei, As Frieiras, As Portelas e Seabra”, *A Trabe de ouro: publicación galega de pensamento crítico*, nº 73 (2008), páxs. 13-38.
- Dionisio Pereira, *Sindicalistas e rebeldes*, A Nosa Terra, Vigo, 1998.
- Dionisio Pereira, “Limiar”, en A. Téllez, *A guerrilla antifranquista de Mario de Langullo, O Pinche*, Vigo, Promocións Culturais Galegas S.A., 2007.
- Julio Prada, *Ourense, 1936-1939. Alzamento, guerra e represión*, Sada, Edicios do Castro, 2004.
- Julio Prada, *As lapas da revolución. O outubro vermello en Ourense*, Ourense, Obradoiro de Historia en Galicia, 2004.
- María Victoria Martins Rodríguez, “Cárceles y mujeres en Galicia durante el franquismo”, *Studia Histórica Historia Contemporánea*, nº 29 (2011), páxs. 87-117.
- Pilar Cagiao, *Muller e emigración*, Xunta de Galicia, 1997.
- Santiago Álvarez, *Memorias I. Recuerdos de infancia y de juventud (1920-1936)*, Sada, Edicios do Castro, 1985.
- Xerardo Dasairas, *Crónicas Rexiomontanas. Territorio e Historia na Comarca de Monterrei*, Mancomunidade de Concellos da Comarca de Monterrei, 1999.
- Xesús Alonso Montero, “Manuel Gómez del Valle, poeta. Comunista e mártir (1906-1936)”, *Madrugal*, nº 2 (1999), páxs. 21-29.
- Xosé Manuel Cid Fernández, “A represión franquista en Ourense: novos argumentos contra a desmemoria da persecución sufrida polo maxisterio”, *Sarmiento*, nº 21 (2017), páxs. 73-79.

Fontes

Prensa actual

- <https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/gudina-viana-homenaxe-anuncia-casado/20220807104029149402.html>
- <https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/anuncia-casado-simbolo-da-represion-franquista-mulleres/20220819213902150436.html>
- <https://www.nosdiario.gal/opinion/lola-varela/anuncia-pasionaria-viana/20220817132536150113.html>
- <https://praza.gal/movimentos-sociais/a-pasionaria-galega-torturada-asasinada-e-exhibida-nun-carro-de-bois>

Prensa histórica

- Hemeroteca Galicana: *La Región* (8/6/1933, 15/2/1934, 26/4/1935, 23/9/1958 e 18/1/1959); *El Pueblo Gallego* (11/6/1958)
- Biblioteca Virtual de Prensa Histórica: *La Noche* (10/6/1958)
- Hemeroteca Digital da Biblioteca Nacional de España: *Ahora* (4/2/1934)

Terra e Memoria

- Entrevista nº 166, realizada por Manuel Garrido Toro, o 6/4/1990, en Ourense, fondo Historga.
- Entrevista nº 169, realizada por Manuel Obes Barja, o 16/4/1990, en A Gudiña (Ourense), fondo Historga.
- Entrevista nº 174, realizada por César Paz de Cabo, o 8/4/1990, en A Lonia (Ourense), fondo Historga.
- Entrevista nº 254, realizada por Cuca Tovar, o 27/10/1988, fondo Historga.
- Entrevista nº 255, realizada por Cuca Tovar, fondo Historga.

Outras entrevistas

- A Darío Alonso Gulís, por Conchi López e Fernando Serrulla, o 16 de novembro de 2024, en O Castro.

Rexistro Civil de Viana do Bolo

- Certificación Literal de Inscrpción de Defunción de Anunciación Casado Atanes
- Certificación Literal de Inscrpción de Matrimonio de Anuncia Casado Atanes e Eduardo García Domínguez
- Certificación Literal de Acta de Matrimonio de Manuel Gómez del Valle e Flora García Casado

Rexistro Civil de Bilbao

- Certificación Literal do Rexistro de Defunción de Flora García Casado

Arquivo Histórico Provincial de Ourense

- Libro rexistro entrada de presos, sin. L. 2236
- Prisión Provincial de Ourense-Ficheiro-Letra G

Arquivo Intermedio Militar del Noroeste

- Causa 123/36, praza de Ourense, contra Manuel Álvarez del Valle, caixa 12, nº de orde 95.
- Dilixencias previas SN/1936, praza de Ourense, caixa 34, nº de orde 247.


Base de datos de víctimas de Nomes e Voces,


Disponible en <http://vitimas.nomesevozes.net/gl/>

Base de datos de detidos gubernativos da provincia de Ourense, facilitada por Julio Prada

ANEXOS

- AIMNOR, Dilixencias previas SN/1936, praza de Ourense, caixa 34, nº de orde 247.





M.1.425.190

Propriedades
 Luis acetal
 L. Santamaría

Vaca ventura de agosto
 de mil novecientos treinta
 y seis.

Enajedan el furgado, en unión
 del Médico forense, al lugar de autor, a fin
 de practicar las oportunas diligencias.



Unbano Santamaría




Conclusión del furgado
 y reconocimiento del cadáver

Liquidamente se
 cumplió el furgado,
 en unión del Médico forense don Luís
 Vela Barreiro, en el lugar de autor, sitio denominado
 "Reñuelo de la", en la carretera de Viana

M.1.425.194

2º Cuadra, o suerte de este pabellón que consta de
tres puertas y cuatro cuartos para los oficiales y el
puesto del general jefe de la escuadra, según se ve en el cuadro.
Además de la comitiva, que es de una sola
y solitaria en su fuerza, se observa el
de la comitiva en sus maniobras, se observa el
cuarto de una suerte, con tablado y sala todo
de madera, al parecer reservado para las oficinas
administrativas y para la comitiva del
general y su oficina dividido sencillamente.
Muy grande es el Muelle formado, magnífico.
Que el muelle que tiene allí detrás y que necesari-
o de ser ya bastante, destinado en su edificio
a dieciocho o veintidós oficinas y para el servicio
de desembarco en su parte superior. Pese
que tiene suerte muy grande y más grande
y formada que la de armas de fogueo, de
suerte sin embargo no obstante, de suerte que
se observa que es una de gran
o larga, y siendo su fondo sólido y edificada
a lo largo de la costa separando, como se entiende de





M. 1,422,674


new place, orientated at north. Made, just as
planned by Robilli, a super smooth batho and
paned all out & new door set in & all that.
J. H. Bishop furnished to differences you know
concerning my day.

Frank J. Johnson

El clima es templado y húmedo.
Los vientos y nubes son predominantes
el desarrollo del desarrollo de la flora
es limitado, tienen una gran diversidad
de tipos de vegetación y una gran
variedad de especies que se adaptan a
los cambios climáticos y las situaciones
que existen en el país. Los vientos
que soplan en el país son los vientos
que soplan en el país y que soplan en
el país y que soplan en el país.








S E C U D A L M
Todos los preceptos citados y demás de apre-
cios.
S. L. por ante mi secretario digo: Que che-
bia incluirse y se incluirán en el conocimiento
de los predictos autores a favor de la Autoridad
Militar a quien no resultaría extra retracio-
nes, llevándolo al Inconocimiento de las
de Oficio con atento oficio y rogandole acu-
se el oportunuo rechazo.

se el oportuno recibo.
Así lo acuerda, manda y firma el Señor
Don Alfonso Santanderia Morillo, Juez
Municipal de Vaca del Bosque en ejercicio
de su jurisdicción por careante del cargo,
acuerdado por el Abogado Don Joaquín
Rodríguez y Rodríguez que también fir-
ma hoy le.

A circular library stamp with a decorative border. The outer ring contains the text "INSTITUTO DE LA UNIVERSIDAD DE RODRIGUEZ" at the top and "1900" at the bottom. The inner circle features a central emblem with a figure, flanked by two lions.

Adhamo Sanhamana

2. Rexistro Civil de Viana do Bolo, certificación literal de inscripción de defunción de Anunciación Casado Atanes (cedida por Dionisio Pereira)



3. Rexistro Civil de Viana do Bolo, certificación literal de inscripción de Eduardo García Domínguez e Emencia (cedida por Dionisio Pereira)

España. Ministerio de Justicia. Registros Civiles. Serie G N.º 032215
España. Ministerio de Xusticia. Rexistros Civis. Serie _____

CERTIFICACION LITERAL DE INSCRIPCION DE MATRIMONIO.- (1)
CERTIFICACION LITERAL DE INSCRIPCION DE (1)

Registro Civil de Viana de Bolo.
Rexistro Civil de Grenze.-
Provincia de _____
Provincia de _____

Sección 2a.-
Sección _____
Tomo 16.-
Tomo _____
Pág. _____
Pax. _____
Folio (2) 23.-
Folio (2) _____

El asiento al margen reseñado literalmente dice así: EN EL TENTO: "En la villa de Viana do Bolo, a doce de febrero de mil novecientos veinte, los Srs. D. Antonio María Yáñez, Juez municipal y D. Abel Bugallo Pérez Secretario, procedieron a transcribir la siguiente acta de matrimonio: "En San Xamede, a once de febrero de mil novecientos veinte, holláñome yo, el infrascrito D. Marcial Rodríguez Basalo, en la Iglesia parroquial de San Xamede, a donde me trasladé como delegado del Xulgado municipal, para asistir al matrimonio canónico entre D. Eduardo García Domínguez y Dña Emencia Casado Atanes. Declaro que a mi presencia ha procedido el presbítero D. Pedro Villanueva Casares, cura párroco de San Xamede, a unir en matrimonio canónico a los referidos D. Eduardo García Domínguez, de edad veinticinco años, de estalo soltero, natural de San Xamede, vecino de idem., hijo legítimo de Antonio García, natural de Mourisca, vecino de San Xamede, y de Isabel Domínguez, natural de San Xamede y vecina de Veiga do Bolo, y a Dña Emencia Casado Atanes, de edad veintitrés años, de estalo soltera, natural de Atanes (Cualedro), vecina de San Xamede, hija legítima de Gabriel Casado, natural de Foncuberta, vecino de San Xamede y de Flora Atanes, natural de Vilela, vecina de San Xamede, habiendo asistido a dicho acto - como testigos Vicente Fernández y Dario Coto, mayores de edad y vecinos de San Xamede. Los contrayentes legitiman a una niña que nació en San Xamede el día veintinueve de mayo de mil novecientos diecisiete, a las ocho de la tarde; esta niña nació como fruto de los encres de los contrayentes la niña Flora García Casado. Y para que conste levanto la presente acta de inscripción del correspondiente matrimonio, la cual será transcrita íntegramente a la Sección de matrimonios del Registro Civil del Xulgado municipal, a los efectos del art. 77 del Código Civil, firmándola como los contrayentes y los testigos.- Marcial Rodríguez, Eduardo García, Emencia Casado, Dario Coto, Vicente Fernández.- El acta transcripta queda archivada en su legajo y en fe de ello firmamos la presente.- Siguen las firmas." IL MARZEN: "N.º 15.- Eduardo García, Emencia Casado.- CERTIFICA: Según consta de la página registral reseñada al margen, el Juez Encargado Alvaro Arnesto Valcarce

D./Dna.
o , a 27 de Mayo de 1997
de 1997

(En los Juzgados de Paz firmarán el Juez y el Secretario)
(Nos Xulgados de Paz asinarán o xuiz e o secretario)

Xuiz de Paz D. Alvaro Arnesto Valcarce
Secretario D. Emilio Pino Linares



- (1) (En la certificación literal de nacimiento se hará constar que se expide para los asuntos en los que sea necesario probar la filiación, sin que sea admisible a otros efectos). (Reglamento del Registro Civil, artículo 30).
- (1) «Na certificación literal de nacemento farase constar quese expide para os asuntos nos que sexa necesario probala filiación, sen que sexa admisible para outros efectos». (Regulamento do Rexistro Civil, art. 30).
- (2) Se consignará el folio y no la página si se certifica de libros ajustados al modelo anterior a la Ley del Registro Civil; en otro caso se consignará solo la página.
- (2) Consignarse o folio e non a páxina se se certifica de libros axustados ó modelo anterior á Lei do Rexistro Civil; noutro caso consignarse só a páxina.

EJEMPLAR GRATUITO (Ley 25/1986, de 24 de diciembre)
CERTIFICACION GRATUITA (Lei 25/1986, do 24 de decembro)

Modelo oficial aprobado por la O.M. de 20-7-89
Modelo oficial aprobado pola O.M. do 20-7-89